

## Dirección Xeral de Formación Profesional

---

**Resolución do 12 de maio de 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se resolven os premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades na resolución do 23 de xaneiro de 2023.**

De conformidade co establecido no artigo 10 da Resolución do 23 de xaneiro de 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se convocan premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e vista a proposta realizada pola comisión de selección, esta Dirección Xeral.

RESOLVE:

Premiar os proxectos que se relacionan no Anexo I desta resolución.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora Xeral de Formación Profesional

M<sup>a</sup> Eugenia Pérez Fernández



## Anexo I. Proxectos premiados nos premios de innovación na FP

### Modalidade A

Código	Centro coordinador	Proxecto	Premio
15002591	IES Monte Neme	<b>REDICIR rede de dixitalización na economía circular. Aplicacións no sector primario</b>	<b>35.320,00 €</b>
15005749	CIFP Universidade Laboral	<b>Simulador de subestación de intemperie de alta tensión</b>	<b>39.990,00 €</b>
15006754	CIFP Ferrolterra	<b>ECOGREL</b>	<b>36.500,00 €</b>
15015767	CIFP Politécnico de Santiago	<b>Da presa á mesa: Prototipo de planta potabilizadora móbil</b>	<b>35.580,00 €</b>
15016000	CIFP Compostela	<b>Soporte basculante para o servizo de viños en botellas de grande formato</b>	<b>16.420,00 €</b>
15024513	CIFP Someso	<b>Adestrador de procedemento cirúrxico con aditiva</b>	<b>32.490,00 €</b>
15025682	CIFP Fraga do Eume	<b>Bean to bar. Os nosos bombóns</b>	<b>39.980,00 €</b>
27006516	CIFP Politécnico de Lugo	<b>Sistema de movemento e posicionamento por levitación magnética</b>	<b>39.800,00 €</b>
27006528	CIFP As Mercedes	<b>Design Thinking, o deseño como ferramenta de transformación. Tecnoloxías Fab Lab en contornas colaborativas.</b>	<b>39.982,00 €</b>
27013636	IES María Sarmiento	<b>Coches iónicos made in Galicia</b>	<b>24.060,00 €</b>
32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel	<b>Valoración e atención do paciente: aplicación de protocolos de actuación mediante realidade virtual 3D</b>	<b>38.740,00 €</b>
32016285	IES de Vilamarín	<b>Experiencia gastronómica multisensorial</b>	<b>31.640,00 €</b>
32016765	CIFP Portovello	<b>Uso de tecnoloxías de realidade virtual e aumentada en aplicacións de selección de persoal</b>	<b>39.970,00 €</b>
36007552	CIFP A Granxa	<b>Elaboración de licores de expedición de escumosos a base de viños doces de castes autóctonas e destilados galegos</b>	<b>21.600,00 €</b>
36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	<b>Smarthome con autoconsumo eléctrico e térmico mediante hidróxeno verde</b>	<b>39.480,00 €</b>
36015159	IES Chan do Monte	<b>A lámpada de laladina</b>	<b>4.488,00 €</b>
36020064	CIFP Carlos Oroza	<b>OrozaLab-Produtos culinarios liofilizados 6ªGama</b>	<b>38.960,00 €</b>



## Anexo I. Proxectos premiados nos premios de innovación na FP

### Modalidade B

Código	Centro coordinador	Proxecto	Premio
15001148	IES As Mariñas	<b>Maqueta didáctica funcional de vehículo eléctrico Renault Zoe, xestión de avarías bluetooth e realidade aumentada</b>	<b>12.610,00 €</b>
15006754	CIFP Ferrolterra	<b>Estudo, deseño e transformación dunha moto de combustión a moto eléctrica</b>	<b>7.313,00 €</b>
15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	<b>Xogo competitivo de elaboración, ataque e monitorización de aplicacións vulnerables para a aprendizaxe do desenvolvemento seguro</b>	<b>6.000,00 €</b>
15015767	CIFP Politécnico de Santiago	<b>FreeFenestra</b>	<b>16.500,00 €</b>
15021469	CIFP Leixa	<b>Recuperación, mantemento e almacenamento mediante criofilización, dun cultivo celular de <i>Sacharomyces sp.</i> empregada na elaboración dunha cervexa artesanal</b>	<b>17.760,00 €</b>
15021482	IES San Clemente	<b>Repositorio de escenarios prácticos para despregue de infraestruturas en virtualización, contedores, cloud computing e exercicios de Red Team e Blue Team</b>	<b>14.770,00 €</b>
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto	<b>Análise teórico-práctica da calidade do aire na cidade de A Coruña a través da biomonitorización</b>	<b>24.188,00 €</b>
15026376	IES Punta Candieira	<b>REAMCO1: Realidade aumentada en comunicación e sociedade nos ciclos de Grao Básico</b>	<b>5.987,00 €</b>
15027800	CIFP Imaxe e Son	<b>E agora que? Podcast ponte entre o espazo educativo e o mundo profesional. Aplicacións didácticas</b>	<b>5.771,00 €</b>
15027897	CIFP Paseo das Pontes	<b>Avanzando por unha industria téxtil máis sostible. Coiro de pel de peixe curtido de forma natural</b>	<b>1.660,00 €</b>
15032081	IES de Fene	<b>Desenvolvemento de postos de soldadura tradicional e simulada con posicionadores adaptables</b>	<b>21.860,00 €</b>
27006516	CIFP Politécnico de Lugo	<b>Virtual Commissioning: do xemelgo dixital a posta en marcha virtual</b>	<b>7.879,00 €</b>
27013326	IES Lois Peña Novo	<b>Maqueta Pila de combustible de hidróxeno</b>	<b>24.090,00 €</b>
27014057	CEE Santa María	<b>Creando un patio para todos</b>	<b>23.340,00 €</b>
27020793	CIFP Porta da Auga	<b>Construción dunha maqueta sobre o sistema de freado ABS</b>	<b>13.090,00 €</b>
32015050	CIFP A Farixa	<b>Aula tecnolóxica de enerxías renovables en contedor marítimo acondicionado</b>	<b>24.735,00 €</b>
32015475	IES O Ribeiro	<b>Nova olivicultura galega: AOVE galego de calidade</b>	<b>22.952,00 €</b>
36006419	IES Montecelo	<b>Ensaio de determinación da agudeza visual na discriminación das cores e problemas na percepción das cores</b>	<b>16.640,00 €</b>
36017430	IES Ricardo Mella	<b>MeteoLoRa</b>	<b>17.855,00 €</b>

